

Textos orais



O debate

Permite, empregando a exposición ou a argumentación, defender a opinión sobre un tema determinado e lograr convencer a outras persoas.

- **Introdución ou apertura:** a persoa moderadora presenta ás participantes do debate, expón o tema e da paso á primeira intervención.
- **Exposición:** ás participantes expoñerán os seus puntos de vista. Mediante argumentos defenderán as súas ideas. A persoa moderadora regula o debate.
- **Preguntas:** ao rematar as exposicións, ábrese unha quenda de preguntas. As persoas que se atopan no público ou a moderadora fan cuestións acerca das ideas e puntos de vista defendidos.
- **Conclusión:** as persoas que participaron dan unha mensaxe final facendo un breve resumo do exposto.